

NOTA DE PRENSA
EXPOSICIÓN



DATAS

7 marzo – 18 maio 2008

LUGAR

Salas de exposición do primeiro andar

HORARIO

martes a sábados (festivos incluídos)
de 11.00 a 21.00
domingos, de 11.00 a 15.00

COMISARIA

Virginia Torrente

COPRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Centro Andaluz de Arte Contemporáneo

COA COLABORACIÓN DE

Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia
Blu:sens

ARTISTAS: 20

Alberto Baraya (Bogotá, Colombia, 1968. Vive e traballa en Bogotá)

Guillem Bayo (Barcelona, 1974. Vive e traballa en Barcelona)

Sergio Belinchón (Valencia, 1971. Vive e traballa en Berlín)

Roberto Bellini (Juiz de Fora, Brasil, 1979. Vive e traballa en Belo Horizonte, Brasil)

André Cepeda (Coimbra, Portugal, 1976. Vive e traballa en O Porto, Portugal)

Peter Coffin (Berkeley, EUA, 1972. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Thomas Joshua Cooper (San Francisco, EUA, 1946. Vive e traballa en Glasgow, Escocia)

Nir Evron (Herzliya, Israel. Vive e traballa en Tel-Aviv, Israel)

Cyprien Gaillard (París, Francia, 1980. Vive e traballa en París)

Rodney Graham (Vancouver, Canadá, 1949. Vive e traballa en Vancouver)

Marine Hugonier (París, Francia, 1969. Vive e traballa en Londres, Reino Unido)

Eva Koch (Copenhaguen, Dinamarca, 1953. Vive e traballa en Copenhaguen)

Mireya Masó (Barcelona, 1963. Vive e traballa en Barcelona)

Heather & Ivan Morison (Desborough, Reino Unido, 1973 & Nottingham, Reino Unido, 1974. Viven e traballan en Gales)

Marjetica Potrč (Liubliana, Eslovenia, 1953. Vive e traballa en Liubliana)

Gonzalo Puch (Sevilla, 1950. Vive e traballa en Madrid)

Caio Reisewitz (São Paulo, Brasil, 1967. Vive e traballa en São Paulo)

Thiago Rocha Pitta (Tiradentes, Brasil, 1980. Vive e traballa en Río de Xaneiro, Brasil)

Eric Rosoman (Londres, Reino Unido, 1975. Vive e traballa en Leicester, Reino Unido)

Guido van der Werve (Papendrecht, Países Baixos, 1977. Vive e traballa en Amsterdam, Países Baixos)

OBRAS EN EXPOSICIÓN

A exposición **PARAÍOS INDÓMITOS** componse de 46 obras, na súa maioría vídeos e fotografías, ademais de *Sen título (Greenhouse)*, de Peter Coffin, unha peza que require a participación do público, e dunha instalación do artista Alberto Baraya.

CATÁLOGO

Con motivo desta mostra, o MARCO e o Centro Andaluz de Arte Contemporáneo coeditaron un catálogo trilingüe (castelán, galego, inglés) que inclúe, xunto a información e imaxes das obras en exposición, un texto da comisaria, Virginia Torrente, e dous ensaios de Jorge Wagensberg e de José Roca, este último escrito orixinalmente para o catálogo da 27ª Bienal de São Paulo, inédito en español, e adaptado agora ao contexto desta exposición.

SOBRE A COMISARIA

Virginia Torrente (Bilbao, 1963) é comisaria independente e crítica de arte. Entre 1988 e 1992 traballou como adxunta á dirección da galería e editorial de arte Estampa de Madrid, e de 1993 a 1999 foi coordinadora de exposicións da Colección Arte Contemporáneo de Madrid. Durante a súa etapa como Xefa de Colección e Exposicións do Museo Patio Herreriano de Valladolid (2000-2003) comisariou, entre outras, as mostras individuais de Juan Ugalde, Isidro Blasco e Jorge Barbi. De 2004 a 2006 foi comisaria responsable de Artes Plásticas da Casa de América en Madrid, cun intenso programa de exposicións individuais de artistas españois, portugueses e latinoamericanos, case todas elas concibidas e producidas para os espazos expositivos, ademais de traballar como comisaria independente noutras exposicións realizadas en diversos centros de España e Latinoamérica. Dende 1999 é comisaria adxunta do proxecto independente *Doméstico* —xunto con Giulietta Speranza, Andrés Mengs, Joaquín García e Teodora Diamantopoulos— que leva a cabo exposicións en Madrid en lugares habitualmente non concibidos para a arte contemporánea, traballo recollido nunha publicación editada en 2005.

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO

O tema central da exposición **PARAÍSOS INDÓMITOS**, coproducida polo MARCO de Vigo e o Centro Andaluz de Arte Contemporáneo, é a relación do ser humano coa natureza. Nela, vinte artistas de diversas procedencias exploran a súa relación coa terra na que habitan, operando con diferentes puntos de vista, dende a visión romántica ao testemuño documental, dende unha concepción utópica ao activismo en defensa do medio natural. Tomando a natureza como obxecto de observación e contemplación, como testemuño, ou como vehículo de denuncia, as obras desta exposición son resultado da evolución no xénero da paisaxe, de séculos nos que o ser humano veu analizando os vínculos esquizofrénicos que mantén co seu ámbito, e nos que a iconografía da paisaxe pasou pola *beleza* no Renacemento, o pintoiresquismo no Barroco, ou a idea do sublime no Romanticismo.

Como xénero, a paisaxe está sobreexplotada. Como tema, o quentamento global é utilizado como moeda de propaganda política e económica de plena actualidade. Cústanos interpretar a natureza como lugar de contemplación, pois a iso se une, inevitablemente, unha actitude concienciada. **PARAÍSOS INDÓMITOS** reúne varias reinterpretacións de artistas contemporáneos sobre as convencións clásicas da natureza, demostrando a posibilidade de múltiples lecturas dun tema que hoxe se diversificou enormemente, partindo da busca da natureza virxe, ata chegar á reivindicación ecolóxica do século XXI.

E en todo iso xoga un papel fundamental a visión de lugares inexplorados, que foron obxecto de investigación e fascinación. Esta exposición retoma a dicotomía home-natureza, para analizar a pegada do ser humano no seu ámbito e o constante desafío que existiu sempre entre ambos os dous. O artista asume o papel dos últimos exploradores “románticos”, daqueles que, co seu empeño, nos abrían os ollos ante un mundo descoñecido.

Na actualidade, a idea de paraíso foise transformando, adoptando un significado máis próximo a un lugar cercado, unha reserva, unha trincheira. O paraíso indómito, ademais, leva consigo un halo de secretismo, entendéndose como un privilexio accesible a poucos, aqueles conquistadores reconvertidos en exploradores, defensores dun oficio que evolucionou paralelamente á sociedade. As exploracións do século XX responden a unha conciencia política e vinculada ao desenvolvemento da técnica, máis afastada do sentimento dos artistas, cuxas accións non alteran os mapas xeográficos, pero documentan a “realidade” condensándoa nas súas obras. O artista elabora un rexistro de lugares afastados, illados, un exame ao que se asocia certa intención crítica; unhas veces utópica, outras nostálxica.

NOTA DE PRENSA EXPOSICIÓN

A montaxe e disposición das obras en salas segue un fío condutor que se estrutura en torno a catro apartados, en función das distintas aproximacións dos artistas ao eixe temático da exposición: a **forza da natureza** ou os espazos que se resisten á acción do ser humano, como lugares irreducibles a calquera intento de domesticación —na que se incluírían as obras de Guido van der Werve, Mireya Masó, Thiago Rocha Pitta, Thomas Joshua Cooper e Eric Rosoman—; a **viaxe utópica** cara a lugares inexplorados, que acaba por converterse nunha busca interior —Marine Hugonnier, Nir Evron, Eva Koch, Sergio Belinchón, Alberto Baraya—; o home e a Terra: **colaboración científica**, ou a busca de relacións entre artistas, científicos e natureza, para unha mellora no uso e transformación dos espazos naturais —Guillem Bayo, Marjetica Potrč, Peter Coffin, Gonzalo Puch, Heather & Ivan Morison—; e por último, os **paraísos danados**, ou a evidencia da ruptura do equilibrio na relación entre o ser humano e a natureza —Caio Reiszewitz, André Cepeda, Roberto Bellini, Rodney Graham, e Cyprien Gaillard.

Unha cita de Henry D. Thoreau, incluída no texto da comisaria para o catálogo, pode servir como punto de partida, e á vez como resumo e conclusión dalgunhas das ideas e sensacións contidas nesta exposición:

“Deixei os bosques polo mesmo motivo que me levou a eles. Crin ter aínda varias vidas por vivir, e non podía pasar máis tempo nesta. Chámame a atención de que xeito tan doado e tan insensible nos encadramos nunha ruta que é un camiño trillado para nós mesmos. Non vivira alí aínda unha semana cando os meus pasos marcaron unha senda que ía da porta da miña cabana ao bordo do lago, e aínda que hai cinco ou seis anos que xa non a transito, aínda é perceptible. É certo – imaxínome– que outros a usaron, polo que se mantén. A superficie da terra é branda e as pegadas dos homes permanecen nela, o mesmo que os camiños polos que viaxa a mente. Que gastadas e poeirentas son as estradas do mundo, que profundas as raíces da tradición e a conformidade! Eu non compreí un billete con camarote, a miña viaxe foi nun mastro sobre a cuberta do mundo, dende onde poder ver mellor a lúa chea entre as montañas”.

Henry D. Thoreau, *Walden ou a vida nos bosques*, 1845

TEXTO DA COMISARIA

“**PARAISOS INDÓMITOS** parte da fascinación que nos producen os últimos lugares fronteirizos, lugares que cremos aínda por explorar —e explotar—, fóra do control humano, onde a natureza ten as súas propias regras, e non son as creadas por nós. O home, dende sempre, estivo obsesionado con desafiar a natureza. Hoxe en día, cando as viaxes expedicionarias escasean por esgotamento de lugares por descubrir, son algúns artistas os que retomaron este papel, deixando testemuño coas súas obras desa necesidade de coñecer un lugar virxe, impoluto, apartado da civilización.

As obras presentadas nesta exposición contemplan dalgún xeito este espírito aventureiro e romántico que aínda no século XXI ten un sentido. Imaxes que evocan emocións, o horror voyerístico, o medo ao descoñecido, a forza e a razón de que “non pintamos nada alí”, o desafío constante do ser humano de querer —aínda no século XXI— conquistar; a obstinación final da vitoria do home sobre a natureza, das regras sociais sobre as naturais. Apreciamos unha percepción irracional e romántica da natureza e as súas leis, da súa resistencia á invasión, da súa indiferenza cara ao home. Lugares onde os avances da ciencia e a tecnoloxía non son permitidos. Espazos de resistencia, o último paraíso indómito, pero non por moito tempo. Esta exposición constrúese ao fío da acción do home no planeta, pero dende un punto de vista predominantemente romántico, case utópico, non apocalíptico nin negativo, senón cun optimismo que oxalá sexa causa de concienciación e protección do noso ámbito. A batalla non está perdida.

Así, o artista traballa como observador, dende fóra, demarcando lugares sen tocar, que están no fío de ser destruídos, como rexistro documental de algo que existe xa por moi pouco tempo, á vez que é testemuña e ás veces intervén tamén con criterios propios de denuncia ante os sucesos de sobreexplotación e destrución da natureza. Dende os que traballan no seu propio estudio, ou preto de onde a súa vida se desenvolve, ata os que se embarcan en viaxes en busca de remotos paraísos indómitos ou en vías de destrución, os artistas desenvolveron este interese polo rexistro do sublime, que ten un precedente claro na pintura romántica e na tradición literaria pastoril, e no contemporáneo, a partir da fotografía de Ansel Adams”.

Virginia Torrente
Comisaria da exposición

ACTIVIDADES PARALELAS

Música para plantas

[*Sen título (Greenhouse)*, de Peter Coffin]

Paralelamente á exposición, e como parte integrante desta, todos os venres terá lugar un concerto para plantas dentro da obra *Sen título (Greenhouse)*, 2002, de Peter Coffin, nunha das salas de exposición. *Greenhouse* é un invernadoiro cheo de plantas de distintos tipos, coa intervención de músicos en vivo. Está iluminado con luces especiais para o seu crecemento e, alén do que poida parecer, funciona como lugar de performance, de experiencia e participación. Está cientificamente comprobado que as plantas reaccionan positivamente á música, pero a peza de Coffin non intenta validar esta teoría, senón explorar as posibilidades de dous mundos, un orgánico e outro creativo, xogando coa intuición, a improvisación e o indeterminado da situación, buscando contrastes e novas relacións entre o científico e o subxectivo, entre a natureza e a cultura.

- Venres 7, 14 e 28 de marzo; venres 4, 11, 18 e 25 de abril; 2, 9 e 16 de maio
- Horario: ás 20.00 (agás concerto inaugural, ás 20.30)
- Salas de exposición do primeiro andar
- Entrada libre e gratuíta ata completar aforo

PROGRAMA

venres **7 marzo** / Concerto inaugural

ECTOPLASMA. Rock orquestrado. Nicolás Pastoriza xunto a Iria Armesto (voz e violín), David Rodríguez Rial (trompeta, sintetizadores), Saúl Puga (baixo), Gael Pintos (batería)

venres **14 marzo**

Begoña González Larriba. Guitarra española

venres **28 marzo**

Santiago Comesaña. Clarinete

venres **4 abril**

2uS (dous). Pablo Carrera e Fernando Abreu [guitarra eléctrica e clarinete baixo procesado]

venres **11 abril**

Najla & Lorenzo. Funk-vocalista e guitarra

venres **18 abril**

David Vázquez. Electroacústica para plantas

venres **25 abril**

Gaitero e Zanfoña. Tradicional galega. Evaristo Alejos 'Alex' (gaita) e Luis Correa 'O Caruncho' (zanfona e percusión)

venres **2 mayo**

Nicasio Gradaille. Clavicordio

venres **9 mayo**

Ramón Bermejo y Pablo Seoane. Voz e piano a ritmo brasileiro

venres **16 mayo** / Concerto Clausura

Ensemble-s21. Jorge Montes (violín), Carlos García Amigo (violonchelo), Vicente López Puig (clarinete)

ACTIVIDADES PARALELAS

Ciclo de vídeo

'Unha estaca na lama, un foxo na cinta'. O campo expandido do Land Art, 1968–2008'

Comisariado por: **Latitudes** | www.LTTDS.org

No mes de maio, o salón de actos do MARCO acollerá un programa de vídeo comisariado por Latitudes —oficina curatorial fundada en 2005 por Max Andrews e Mariana Cánepa Luna— despois da súa presentación no Museo Tamayo de Arte Contemporáneo de México, e antes de continuar a súa itinerancia a Basilea, Sevilla e Barcelona. Tomando prestado o seu título dos escritos de Robert Smithson, este programa presenta unha selección de imaxes en movemento que forman parte da memoria histórica do Land Art, acompañadas de producións de artistas contemporáneos. Existe un interese compartido polo afastado, así como por sitios específicos, cun itinerario fílmico que vai dende as cloacas de Nova York e Viena (Gordon Matta-Clark, Hans Schabus) aos desertos de California (Mario García Torres), as montañas do País Vasco (Ibon Aranberri) ou as paradisíacas praias de Taveuni (Nikolaj Recke).

- xoves 8 e venres 9 de maio, ás 20.00
- xoves 15 e venres 16 de maio, ás 20.00 [repetición]
- Salón de actos
- Entrada libre e gratuíta ata completar aforo

PROGRAMAS

PROGRAMA 1 [Duración total: 1h. 38']

Xoves **8** e xoves **15** de maio

Gerry Schum. *Land Art*, 1969. 32', b/n. Son (en introdución). 16mm transferido a DVD

Richard Long. *Walking a Straight 10 Miles Line Forward and Back Shooting Every Half Mile (Dartmoor England, January 1969)*, 1969, 6'

Barry Flanagan. *A Hole in the Sea*, 1969, 3'45"

Dennis Oppenheim. *Time track*, 1969, 2'05"

Robert Smithson. *Fossil Quarry Mirror with Four Mirror Displacements*, 1969, 3'05"

Marinus Boezem. *Sand Fountain*, 1969, 4'

Jan Dibbets. *12 Hours tide Object with Correction of Perspective*, 1969, 7'30"

Walter de Maria. *Two Lines Three Circles on the Desert*, 1969, 4'45"

Nancy Holt & Robert Smithson. *Mono Lake*, 1968/2004. 19'54". Cor. Son. Super 8 e diapositivas instamatic transferidas a vídeo

Robert Smithson. *Floating Island to Travel Around Manhattan Island*, 1970/2005. 16'. Cor. Son

Gordon Matta-Clark. *Substrait (Underground Dailies)*, 1976, 30', b/n e cor. Son. 16mm transferido a DVD

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN

PROGRAMA 2 [Duración total: 1h. 15']

Venres **9** e venres **16** de maio

Francis Alÿs. *Cuando la fe mueve montañas (Making off)*, 2002, 15'. Cor. Son. Español con subtítulos en inglés. Cortesía do artista e Galerie Peter Kilchmann, Zúric

Donna Conlon. *Country Road*, 2002, 1'29". Cor. Sen son

Hans Schabus. *Western*, 2002, 11'. Cor. Son

Ibon Aranberri. *Zuloa (Ir.T. nº513)*, 2004, 8'. Cor. Son

Mario García Torres. *Abandoned and Forgotten Land Works That Are Not Necessarily Meant To Be Seen As Art*, 2004, 7'. Branco e negro. Sen son

Thiago Rocha Pitta. *Zénite invertido / Inverted Zenith*, 2005, 11'54". Cor. Son

Maria Thereza Alve. *The Sun*, 2006, 5'03". Cor. Son. Italiano con subtítulos en inglés

Damián Ortega. *Reticencia al trabajo, Segunda parte*, 2006, 5'15". Cor. Son

Nikolaj Recke. *Tomorrow is today*, 2006, 3'. Cor. Son. Orixinalmente instalación en 2 pantallas

Jordan Wolfson. *Landscape for Fire*, 2007, 7'. Cor. Son

Cyprien Gaillard. *Real Remnants of Fictive Wars VI*, 2008, 1'40". Cor. Sen son

ACTIVIDADES PARALELAS

Actividades didácticas

PARAÍDOS NATURAIS. Obradoiros de reciclaxe e natureza

Os obradoiros de reciclaxe e natureza, especialmente dirixidos a público infantil a partir de 3 anos, enmárcanse no programa 'NATUREZA NO CAMIÑO', un amplo conxunto de actividades organizadas pola Alcaldía e a Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo en distintos puntos da cidade e arredores, que ten como liñas básicas a educación para a sustentabilidade e o respecto ao medio natural. Dentro deste programa, os obradoiros do MARCO ofrecen a posibilidade de combinar sensibilización sobre o medio ambiente e educación artística a través de actividades nas que a reciclaxe é o elemento fundamental. Un novo enfoque no respecto polo noso medio e a educación para a sustentabilidade, e unha forma de traer a natureza dentro dos espazos do museo.

Organiza: Alcaldía e Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo

Produción: Estela Loxística e Proxectos S.L., en colaboración co departamento educativo do MARCO

- Do 9 de febreiro ao 26 de abril de 2008
- Lugar: Laboratorio das Artes (1º andar)
- Horario: sábados de 12.00 a 14.00
- Entrada libre e gratuíta ata completar aforo

Mostra documental na Biblioteca-Mediateca

Durante todo o período de apertura da exposición, a biblioteca do MARCO ofrece unha mostra bibliográfica con selección de fondos documentais sobre os artistas participantes nesta mostra, e doutros artistas cuxa obra reflicte as relacións entre arte, natureza e medio ambiente. A mostra complétase cunha selección de tratados teóricos que afondan nas relacións do ser humano, a arte e a natureza.

Visitas guiadas

- Visitas guiadas todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11
- Visitas para asociacións, xoves e venres ás 17.00, previa cita no tel. 986 113900/11

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

"PARAÍDOS INDÓMITOS"

MATERIAL GRÁFICO DISPONIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.